



# O BOSQUE AVANZA



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural



Fondo  
de  
Cohesión

# PRESENTACIÓN

## "Os bosques son unha parte integrante do desenvolvemento sostible"

Asemblea de Nacións Unidas N.Y. xuño 1997

A crecente preocupación mundial polo medio ambiente deu lugar a que en xuño de 1992 celebrárase en Río de Janeiro a Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento (CNUMAD). Nesta Conferencia abriuse o camiño para alcanza-lo consenso en materia de bosques, ademais de senta-las bases para combata-la deforestación.

Posteriormente, na sesión especial da Asemblea de Nacións Unidas, que tivo lugar en Nueva York en xuño de 1997, revisáronse os acordos de Río e aprobouse un texto que resume a preocupación de tódolos países polo estado dos bosques:

"A ordenación, conservación e desenvolvemento sostible de tódolos tipos de bosques son fundamentais para o desenvolvemento económico e social, a protección do medio ambiente e os sistemas sustentadores da vida no planeta. Os bosques son parte integrante do desenvolvemento sostible".

A escala rexional paneuropea vaise alcanzando o consenso en materia de xestión sostible de bosques a través das Conferencias Ministeriais sobre Protección de Bosques.

Das tres Conferencias Ministeriais celebradas ata a data, merecen ser resaltadas a de Helsinki (1993) e a de Lisboa (1998). Na primeira déronse as Directrices xerais para unha xestión sostible dos bosques en Europa, entendendo como **xestión sostible** "a administración e uso dos bosques e terreos forestais, dunha forma e cunha intensidade tales que manteñan a súa biodiversidade, produtividade, capacidade de rexeneración e vitalidade e a súa capacidade para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes, a escala local, nacional e global, sen ocasionar perxuízos a outros ecosistemas".

Na Conferencia Ministerial celebrada en Lisboa, os estados asinantes e a Comunidade Europea asumiron os Criterios Paneuropeos de xestión sostible dos bosques, así como os Indicadores asociados a estes.

A transcendencia e importancia destes Indicadores son esenciais posto que, co seu seguemento, permiten comprobar e garantir que a xestión nos bosques europeos realízase de forma sostible.

Galicia considera que os Criterios e Indicadores son ferramentas potencialmente útiles para promova-la xestión sostible dos seus bosques. Neste contexto, a partir do terceiro Inventario Forestal Nacional, a Consellería de Medio Ambiente aplicou os principais Indicadores dos Criterios Paneuropeos de xestión sostible ós montes galegos.

Esperando que esta breve e ó mesmo tempo útil publicación sirva para coñece-la realidade actual dos Montes Galegos animamos a tódolos axentes relacionados cos montes a promoveren, defenderen e aseguraren unha xestión sostible dos bosques que garante o seu desenvolvemento para as xeracións futuras.

Carlos del Álamo Jiménez  
Conselleiro de Medio Ambiente



# INTRODUCCIÓN

"O Bosque Avanza" é unha publicación divulgativa que, mediante a recompilación de diversos indicadores, ofrécelle ó lector unha visión actual da realidade do monte en Galicia, co fin de comprobaren e garantiren a sostenibilidade da xestión forestal.

**Os Criterios e Indicadores Paneuropeos da xestión sostible de bosques** son os seguintes:

**Criterio 1. Mantemento e mellora apropiada dos recursos forestais e a súa contribución ós ciclos do carbono**

Como indicadores máis significativos vinculados a este criterio, e relacionados co uso do solo, estarían a evolución da superficie forestal e do número de árbores, así como a capacidade de almacenamento de carbono nos ecosistemas forestais galegos.

**Criterio 2. Mantemento e mellora da saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais**

A persistencia dun ecosistema forestal está directamente relacionada co seu estado fitosanitario. A xestión sostible é o mellor método para garantiren unhas condicións adecuadas de saúde e vitalidade.

**Criterio 3. Mantemento e mellora da función productora dos bosques (madeira e outros)**

Tradicionalmente a explotación racional do monte en Galicia constituíu unha forma de vida e unha importante fonte de riqueza. Unha xestión forestal respectuosa co medio ambiente fai que o binomio conservación-desenvolvemento convivan en perfecta harmonía, á vez que se estimula a utilización de materias primas renovables. Un dos mellores indicadores deste principio é o que reflicte a taxa de corta de madeira en relación co crecemento das árbores.

**Criterio 4. Mantemento, conservación e apropiada mellora da biodiversidade en ecosistemas forestais**

A biodiversidade é vital para o mantemento da estabilidade ecolóxica e permite ás diferentes especies afrontar variados desafíos e desempeñar diferentes funcións dentro da biosfera.

**Criterio 5. Mantemento e mellora da función protectora dos bosques (especialmente sobre o solo e a auga)**

O papel que xogan os bosques galegos na conservación do solo e auga, compoñentes á súa vez esenciais do ecosistema forestal, é quizais un dos máis importantes entre as múltiples funcións e servizos que prestan á sociedade galega.

Conserva-lo solo e favorece-la súa formación, por medio de medidas correctoras de restauración hidrolóxica, reforestacións en cabeceiras de concas, etc..., é un signo claro de responsabilidade e, hoxe en día, resultan absolutamente necesarios nunha xestión sostible.

**Criterio 6. Mantemento doutras funcións e condicións socioeconómicas**

Este criterio debe vincularse ós múltiples usos que proporcionan os sistemas forestais e a valoración, non dos seus beneficios directos, senón tamén dos chamados beneficios indirectos ou externalidades. A xestión sostible implica procura-la máxima rendibilidade, empregando os mecanismos adecuados para a distribución da riqueza xerada polos bosques no conxunto da sociedade.

Desde xeito, non hai que esquecer-la contribución do sector forestal galego como fonte de emprego directo e indirecto, e a xeración de rendas complementarias nas áreas gracias a actividades emerxentes vencelladas ó lecer (ecoturismo, práctica de deportes en contacto coa natureza...).

# PRESENTACIÓN DO INVENTARIO FORESTAL NACIONAL

Dende a antigüidade houbo preocupación polos montes: coñece-lo o seu estado, preve-la súa evolución e asegura-la súa persistencia. Esta inquietude traduciuse na realización de inventarios forestais nacionais. Francia iniciou a sistematización destes e en España realizouse o primeiro en 1960.

A inxente cantidade de datos a procesaren e a enorme amplitude xeográfica dos traballos de campo esixen unha aplicación esmerada das técnicas estatísticas e os resultados e datos permiten a obtención dunha imaxe real e fiel dos nosos bosques.

O Inventario Forestal Nacional que se desenvolve en España é un instrumento capaz de proporcionar información homoxénea e posta ó día dos ecosistemas forestais de todo o territorio español, no marco dos criterios e indicadores de sostibilidade. Neste senso, o Inventario Forestal Nacional foi evolucionando ó longo destes últimos 40 anos, dende os anos 60 en que se deseña o primeiro inventario forestal que tivo como obxectivo case exclusivo a avaliación do potencial madeireiro dos montes, pasando polos 80, cando se realiza o segundo inventario forestal -IFN2- que, ademais de te-lo mesmo obxectivo que o primeiro, engadiu unha serie de parámetros ecolóxicos silvícolas e fitosanitarios. A mediados dos 90 comezou o terceiro inventario forestal nacional -IFN3- que recolle todos aqueles aspectos que dan resposta ós criterios e indicadores da xestión sostible.

O Inventario Forestal Nacional é un proxecto realizado pola Dirección General de Conservación de la Naturaleza do Ministerio de Medio Ambiente, co obxectivo de proporcionar unha información secuencial sobre o estado e a evolución dos montes. Esta información homoxénea e actualizada, debe servir de base para a toma de decisións en materia de xestión sostible.

Para a realización deste proxecto utilizouse como base cartográfica o Mapa Forestal 1:50.000, realizado polo Banco de Datos da Natureza (Dirección General de Conservación de la Naturaleza do Ministerio de Medio Ambiente).

As fontes de información para a elaboración do Inventario Forestal Nacional son o traballo de campo e a recopilación de documentación de diferentes organismos e institucións.

A mostra das parcelas de campo do inventario esta baseada nas levantadas no ciclo anterior (IFN2: anos 1986 e 1987), que foron revisadas no ciclo actual (IFN3: anos 1997 e 1998) co fin de poderen realizar unha comparación fiable dos resultados. En Galicia tomáronse datos en 7.527 parcelas.

Para o deseño da mostraxe realízase unha zonificación de toda a superficie forestal, empregando como base os vértices da malla quilométrica da cartografía UTM que están situados sobre as áreas clasificadas como forestais. Posteriormente lévase a cabo un proceso sistemático que, a grandes rasgos, supón a ordenación dos datos da mostraxe en diferentes categorías, ou estratos, (especies forestais, idade das mesmas...) e o seu tratamento estatístico para estableceren unha relación proporcional entre as áreas de mostraxe e a superficie total.

O proceso de datos permite obter co concurso do análise estatístico, máis de 115 indicadores que amosan o estado dos sistemas forestais.

A realización deste proxecto levouse a cabo por un equipo multidisciplinar constituído por cerca de 100 persoas e unha importante dotación de recursos materiais, tanto para a toma de datos de campo como para o procesado da información.

